

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se modifica a Orde do 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións.

O Decreto 425/1993, do 17 de decembro, modificado polo Decreto 114/2007, do 31 de maio, refunde a normativa vixente sobre permisos de explotación no artigo 7 establece que para o exercicio da actividade extractiva, todas as embarcacións que operen nas augas da Comunidade Autónoma de Galicia ou rexistradas nela, requiren permiso de explotación, e terán que respectar os tamaños, as artes autorizadas, a potencia dos motores, e as zonas e períodos de pesca, segundo a lexislación estatal ou autonómica que lles sexa de aplicación.

A Orde do 6 de abril de 2004, pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións, no seu artigo 6º, punto 2, establece que o prazo máximo para notificar a resolución expresa, concedendo ou denegando o permiso de explotación é de dous meses contados a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente, transcorrido o cal, de non se ditar resolución expresa, se entenderá desestimatoria.

Logo da experiencia de procesos anteriores de renovación, no que se tiveron que valorar, distintos parámetros para a concesión do novo permiso de explotación, e o elevado número de embarcacións con porto base na comunidade autónoma que están ou estarán inmersos neste proceso, o prazo establecido na mencionada orde estímase escaso para poder resolver con garantías a totalidade das solicitudes.

Por todo o antedito, logo de consultar o sector e, en virtude das facultades que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Orde do 6 de abril de 2004 pola que se regulan os procedementos de expedición, renovación, traslado e transmisión dos permisos de explotación para embarcacións.

O número dous do artigo 6º queda redactado do seguinte xeito:

«2. O prazo máximo para notificar a resolución expresa é de catro meses contados a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente, transcorrido o cal, de non se ditar resolución expresa, se entenderá desestimatoria».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 28 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se acorda facer pública a relación de candidatos que obtiveron bolsa ao abeiro da Resolución do 25 de xuño de 2009 pola que se establecen e regulan os programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios e de formación profesional durante o curso 2009-2010, así como a relación das solicitudes denegadas.

A resolución da Secretaría Xeral da Emigración do 25 de xuño de 2009, publicada no DOG nº 127, do 1 de xullo, establece e regula os programas de bolsas destinadas aos cidadáns galegos residentes no exterior para a realización de estudos universitarios e de formación profesional durante o curso académico 2009-2010.

Vista a proposta de resolución definitiva efectuada polo órgano instrutor, á vista dos respectivos informes das comisións seleccionadoras, esta secretaría xeral, en aplicación da disposición adicional segunda do Decreto 325/2009, do 18 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Xunta de Galicia polo que se desconcentra no secretario xeral da Emigración a competencia para a resolución das axudas do seu respectivo ámbito de competencia,

RESOLVE:

Conceder unha bolsa segundo a proposta do órgano instrutor ás persoas relacionadas no anexo I, polos importes que en cada caso se sinalan, con cargo a aplicación orzamentaria 04.50.312C.480.0.-Accións políticas migratorias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009-2010, para a realización de estudos de formación profesional e universitarios nalgunha das tres universidades que conforman o sistema universitario de Galicia durante o curso académico 2009-2010.